

# ERA DÚAS VECES O BARÓN LAMBERTO OU O MISTERIO DA ILLA DE SAN GIULIO

Texto de GIANNI RODARI

Ilustracións de JAVIER ZABALA

Tradución de ISABEL SOTO

Encadernado en cartón. 15 x 23,5 cm. 168 páx. 16 €.

[Era dúas veces o barón Lamberto](#) (galego)  
ISBN 978-84-1343-005-8. Sete Leguas.

[Érase dos veces el barón Lamberto](#) (castelán)  
ISBN 978-84-1343-006-5. Siete Leguas.

[Les dues vegades del baró Lamberto](#) (catalán)  
ISBN 978-84-16804-88-7. Set Llegües.

[Era duas vezes o barão Lamberto](#) (portugués)  
ISBN 978-989-749-130-6. Sete Léguas.

*O lago de Orta está no medio das montañas. No medio do lago de Orta, aínda que non xusto na metade, está a illa de San Giulio. E na illa de San Giulio está o pazo do barón Lamberto, un señor moi vello (ten noventa e tres anos), bastante rico (posúe vinte e catro bancos en Italia, Suíza, Hong Kong, Singapur etcétera) e sempre enfermo...*

«Era dúas veces o barón Lamberto» é un relato divertido e disparatado que, ao longo de doce capítulos e un epílogo, conta as peripecias dun ancián e adineirado aristócrata que, poñendo en práctica un antigo remedio exipcio, experimenta unha progresiva melloría na súa saúde, entre outros sorprendentes efectos. Trátase dun texto cunha elaborada estrutura narrativa, chea de puntos de inflexión que introducen novos personaxes e tramas que manteñen en vilo a atención e o interese lector. A naturalidade e a fluidez do estilo, a precisión na descrición de lugares ou sucesos e a riqueza léxica, fan dubidar se estamos ante unha historia real ou ficticia; mostra de ata onde Gianni Rodari é quen de transportarnos coa imaxinación. Destaca sobre todo o humor intelixente a través de xogos de palabras, diálogos surrealistas e recursos da literatura do absurdo que nos sitúan ante unha prosa brillante.

En consonancia co seu compromiso social, Rodari tamén introduce reflexións éticas sobre temas como o materialismo, a maldade, os dereitos laborais ou o sensacionalismo informativo. Porque o seu fin primordial como autor era reivindicar o inconformismo, a rebeldía e mesmo a liberdade do público para cuestionar o rumbo do conto.

As ilustracións de Javier Zabala son cómplices dese ton humorístico con trazos irregulares e bosquexados, escenas abertas á fantasía e cun certo simbolismo.



- **Temática:** vellez vs. xuventude.
- **Idade recomendada:** a partir de 8 anos.
- **Aspectos destacables:** centenario de Gianni Rodari; humor, absurdo, imaxinación; aventuras; do autor de «[Que fai falta?](#)», «[Contos por teléfono](#)», «[Confundindo historias](#)», «[Inventando números](#)» e «[Gramática da fantasía](#)» (Kalandraka).
- **Avance do libro:**  
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/era-duas-vezes-o-baron-lamberto-g>

## Gianni Rodari

(Omegna, Lombardía, 1920 - Roma, 1980)

Político, xornalista, pedagogo e escritor. Recibiu o Premio Andersen en 1970. Graduouse en Maxisterio e comezou impartindo clases particulares. Vencellado ao Partido Comunista Italiano, colaborou con xornais como L'Ordine Nuovo e L'Unità, onde desenvolveu a súa paixón pola literatura infantil. Baseou na realidade obras como «O planeta das árbores», pero o éxito chegou con «Contos longos coma un sorriso», «As aventuras de Cipollino» ou «O libro dos retrousos». Entre as súas obras mestras destacan «Contos a máquina», «Contos por teléfono» e «Contos para xogar», que demostran que a brevidade pode xerar boas historias e permítenlle ao lector escoller o final. A partir das súas visitas a escolas e do traballo cos nenos escribiu «Gramática da fantasía» (1973), a súa grande achega á pedagogía contemporánea, coa que transmitiu a súa idea revolucionaria e liberadora da literatura.

<https://100giannirodari.com>

## Javier Zabala

(León, 1962)

Estudou Ilustración e Deseño Gráfico nas Escolas de Artes de León e de Madrid. Profesor de ilustración, publicou máis dun cento de obras, traducidas a varias linguas. Recibiu, entre outros, o Premio Junceda Iberia, foi seleccionado para expoñer na Feira do Libro de Infantil-Xuvenil de Boloña e na Bienal de Bratislava, e foi candidato ao premio Hans Christian Andersen.

<http://www.javierzabala.com>

